


EVA Offline: O libro dixital sen conexión a internet.



Nos portátiles do alumnado, no apartado de educación, atópase a aplicación Eva Offline que permite acceder ao libro dixital cando non hai conexión a internet, ben sexa por fallo temporal da rede ou por non dispor dela na casa.

É recomendable que todo o alumnado active a aplicación para poder empregar o libro sen conexión. Para elo iniciamos a aplicación dende o *Menú de aplicativos* -> *Educación* e dámoslle ao botón Engadir. O alumnado terá que poñer usuario e contrasinal do Eva-Edixgal para que o libro quede activado. Para que se actualice pode manterse a aplicación activa na clase de vez en cando.

Plan Dixital de centro 2021/22

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes para o curso 2021-2022

No presente curso teremos que facer o Plan Dixital de centro. A resolución marca entre os seus obxectivos o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e a avaliación e mellora da competencia dixital na comunidade escolar.

Para a diagnose da situación en relación a competencia dixital teremos que empregar a ferramenta de autoavaliación SELFIE, coa finalidade de obter en liña un informe do centro educativo. A realización do proxecto partindo dos datos obtidos terá que estar rematado e aprobado polo consello escolar para a súa aplicación no vindeiro curso. Agardamos a vosa colaboración e esperamos as vosas achegas e suxestións para incorporar ao mesmo.

Videoconferencia: Ás veces escoito voces...

Unha das razóns máis frecuentes dos problemas de son nas videoconferencias é o uso dun navegador web sen actualizar. Para evitar este problema o máis doado é descargalo e instalalo de novo. Nos sistemas Linux do equipamento EDIXGAL é un proceso moi sinxelo.

Imos a <https://mozilla.org/es-ES/firefox/new> e dámoslle a descargar. O ficheiro vaise gardar por defecto no cartafol *Descargas* do portátil. Unha vez rematada a descarga imos ao cartafol e localizamos o ficheiro *firefox-número.tar.bz2*. Dámoslle co botón dereito do rato na opción *Extraer aquí*. Veremos que pasado un anaco aparece un novo cartafol chamado *firefox*. Dentro del hai un ficheiro chamado tamén *firefox*. Dálle para abrilo e xa está. Podes falar o que queiras...

Portátiles EDIXGAL para o profesorado

No momento actual aínda non foi aberto o prazo de solicitude dos portátiles para o profesorado.



Procederese a repartir o remanente de equipos por orde de chegada de peticións. É posible que non sexan suficientes polo que, nese caso, faremos a reclamación oportuna. Podedes solicitarllos por correo ao coordinador EDIXGAL do centro.

Incidencias TIC na escola

A aparición de pequenas incidencias técnicas coas TIC pode chegar a resultar frustrante e mesmo impedir a realización de tarefas que temos programadas. Moitas destas incidencias son sinxelas e de fácil solución. Algunhas das máis comúns (xa iremos ampliando) son:


- ✱ Non hai son: O cable de son está solto, o altofalante apagado ou o volume do portátil baixo.
- ✱ Non hai internet: O cable de rede está solto nun dos extremos.
- ✱ O alumnado non lembra o contrasinal do EVA: Podes restaurar a credencial indo a Xestión de credenciais no EVA

E sempre que teñas unha incidencia que non poidas resolver manda un correo ao coordinador EDIXGAL..

Adictos a las pantallas: un documental revelador.

O noso alumnado ven cunha pantalla debaixo do brazo. En moitos casos, dende pequenos empregan estes dispositivos para xogar... Hai moitas formas de xogar e non hai moito, o ritmo do xogo era outro. Cunha caixa de cartón facía un unha cabana, e na terra un furado para ver o fondo que chegaba. Agora o ritmo ven marcado pola rapidez das cores e debuxos deses aparellos que pasan a toda velocidade e secuestran a atención das criaturas.


No documental francés *Adictos a las pantallas* emitido en *La noche temática*, faise un percorrido por este fenómeno que capta a atención dos máis novos e dos non tanto. E explícanse, da man dunha profesora, os cambios cerebrais e a adicción que poden provocar alterando a atención, a concentración e diminuindo a tolerancia á frustración. Faise necesario, nun centro que presume de EDIXGAL, concienciar sobre o uso adecuado das pantallas para que o alumnado teña a posibilidade de atender ao que lle contamos. Ou serán as pantallas os novos profes?



<https://youtu.be/vqezaGik8Ec>

Supremacía cuántica e Raspberry Pi

As TIC están ahí para o ben e para o mal, pero habelas hainas.



Representación do bit cuántico

Parece ser que no último ano os cibercriminalmente fixeron 12.000 ataques e estafas na Galiza. Algúns pillabáns aproveitan o descuido de moita xente no manexo das TIC para baleirar contas bancarias ou pedir Bitcoins.

Neste tempo, Google declarou a supremacía cuántica empregando os seus procesadores de 49 qubits. Neste tema da computación cuántica andan tamén IBM, China e outros tratando de non quedar atrás. O dominio desta tecnoloxía permitirá romper tódolos sistemas de seguridade e encriptación actuais e iso non ten prezo. E xa postos, a empresa *Quantum Brilliance* ven de anunciar estes días a creación do primeiro ordenador cuántico de sobremesa, o que nos lembra o anuncio do PC de IBM no ano 1981. E os hackers (máis ben crackers) ben atentos.

A evolución das TIC, para ben ou para mal, avanza a toda máquina polo momento. En previsión do esgotamento de recursos que xa se empeza a notar e procurando sistemas sustentables os de *Lowtechmagazine* montaron a súa páxina web empregando un microcomputador de baixo consumo semellante a unha *Raspberry Pi*, alimentado por placas solares. Unha iniciativa que pretende anticiparse e buscar solucións ante o escenario de cambio climático e crise que parece se aveciña. (<https://solar.lowtechmagazine.com>)

Son as dúas caras da mesma moeda. E nas escolas, cada vez con maior presenza das TIC, temos a responsabilidade de ensinalas para facer todo o ben posible e evitar males maiores. Que habelas, xa sabedes, hainas...

Contas de correo escolar para as familias

Como cada curso, o centro proporcionará contas de correo para as familias de 5º de primaria coa finalidade de contar cun medio de comunicación alternativo coa escola e para facilitar o envío de tarefas e exercicios. É o momento de preparar tamén ao alumnado no uso do mesmo. Unha incidencia frecuente é o esquecemento do contrasinal de acceso. Neste caso poñédevos en contacto co coordinador.

Anotación de documentos PDF

O programa *Xournal* que ven no sistema Linux EDIXGAL permite abrir documentos en formato PDF e facer neles anotacións, sulñar, poñer texto, e outras cousas. Pero se o que queres e modificar algo nun ficheiro PDF podes empregar o *Libreoffice Draw* ou *Inkscape*. Lembra que PDF é un formato pensado e feito para ver e imprimir.

Mira o boletín
en liña
escaneando
este código
QR

